

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 17 DE ABRIL DE 2023

### **1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00018649T.**

#### **Aprobación de actas de sesións anteriores.**

Apróbanse as actas correspondentes ás seguintes sesións:

- Ordinaria de data 10 de abril de 2023.
- Extraordinaria-urxente de data 11 de abril de 2023.

### **2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00054495Q.**

#### **Licenza para a eliminación de barreiras arquitectónicas no edificio sito na rúa da Rosa, 38.**

Acórdase conceder a CD CONSTRUCCION REHABILITACION Y REFORMAS SLU licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme a memoria presentada o 21/11/2022, cun orzamento de execución material de 28.310,50 €, a eliminación de barreiras arquitectónicas no edificio sito na rúa da Rosa, 38 Santiago de Compostela ( A Coruña)

### **3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00043506W.**

#### **Licenza para a instalación de ascensor na rúa García Lorca, 4.**

Acórdase conceder á Comunidade de propietarios García Lorca, 4 licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme a documentación complementaria achegada na data 02/03/2023, a instalación de ascensor no inmovible situado na rúa de García Lorca, 4 Santiago de Compostela ( A Coruña).

### **4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00004881X.**

#### **Regularización das parcelas de solo rústico sitas en Lugar de Eixo-Marrozos.**

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto de data de visado do 14/02/2023, a regularización das parcelas de solo rústico sitas en Lugar Eixo-Marrozos, Santiago de Compostela (A Coruña) Parcela con Referencia Catastral 15079A516013220000FA e 15079A516013230000FB, nas seguintes parcelas:

- PARCELA RESULTADO 1.322. Superficie Bruta e Neta 11.611m2s. Solo Clasificado como Solo Rústico Categoría de Protección, Ordenanza 17. De protección Forestal.
- PARCELA RESULTADO 1323. Superficie Bruta e Neta 11.611m2s. Solo Clasificado como Solo Rústico Categoría de Protección, Ordenanza 17. De protección Forestal.

As licenzas entenderanse outorgadas salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

### **5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00043244N.**

#### **Aceptar cesión de viario e licenza para o proxecto básico construción vivenda na Rúa das Pedreiras, 24.**

Acórdase:

Primeiro.- Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 24/02/2023, outorgada ante notario co número de protocolo 571.

Segundo: Conceder licenza para o proxecto de data de visado do 03/08/2022 e a documentación presentada o 07/03/2023 de data de visado do 23/02/2023, cun orzamento de execución material de 81.000,00 €. O proxecto básico refírese á construción de vivenda unifamiliar, na finca sita na Rúa das Pedreiras 24, Fondon, Santiago de Compostela (A Coruña).

## **6. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/2088/2018.**

### **Aprobación do Plan director do Pazo de Raxoi sito na Praza do Obradoiro.**

Apróbase o **PLANO DIRECTOR DO PAZO DE RAXOI** sito na Praza do Obradoiro segundo o documento refundido redactado pola UTE “Ezcurra e Ouzande - RVR Arquitectos” cos seguintes condicionantes:

- ▣ *As áreas de protección, cautelas e condicións para a realización de actuacións no Pazo de Raxoi son as contempladas no ANEXO do Estudo arqueolóxico elaborado por Alejandro Parga Castro.*
- ▣ *Quedan, por tanto, sen efectos, a planificación de traballos arqueolóxicos contidos no capítulo II.B-3.1.4 PROGRAMACIÓN DOS TRABALLOS DE RESTAURACIÓN, EFICIENCIA ENERXÉTICA E OUTRAS INTERVENCIÓNS e no capítulo II.B-3.5 VALORACIÓN ECONÓMICA E PLANIFICACIÓN ORZAMENTARIA do plan director*

*Lémbrese que, de acordo coa Resolución da Consellería de Cultura de data 29/06/2022, os proxectos de intervención sobre as fachadas e as fábricas do inmovible nos que existan elementos de carácter ornamental, decorativo, escultórico ou que posúen valor e interese histórico artístico (especialmente no caso dos escudos e elementos escultóricos da fachada principal) incluírán ou preverán a redacción dos necesarios proxectos de conservación e restauración de ditos elementos de intereses cultural, redactados por persoas coa titulación técnica axeitada; os citados proxectos deberán completar a fase de análise previo, determinación dos efectos e axentes do deterioro e a caracterización dos materiais, as patoloxías e as pátinas e tratamentos históricos de interese.*

O Plano Director presentado axústase ao contido documental que aparece recollido no “Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica (PE-1)”.

No expediente documéntase o estado actual no que se atopa o inmovible e os seus elementos patrimoniais, coa ANÁLISE E DIAGNOSE DO ESTADO DE CONSERVACIÓN no que se inclúen apartados específicos para as Instalacións e a Accesibilidade do edificio.

Tamén se inclúe un capítulo concreto de INVENTARIO E CATALOGACIÓN DE BENS MOBLES E DOS ELEMENTOS CONTIDOS NO EDIFICIO

No apartado de PLAN DE USOS E SERVIZOS COMPATIBLES faise unha proposta de plan de usos que toma como base os usos actuais, tendo en consideración a súa posible evolución no tempo e as deficiencias detectadas nas condicións de utilización de determinados espazos do edificio. Atendendo a estes criterios establécese unha clasificación dos espazos de acordó coas súas condicións para ser utilizados como lugares de traballo de uso permanente ou ben como espazos dedicados a outros usos que non supoñan a estancia permanente de traballadores:

No apartado de PROGRAMAS DE ACTUACIÓN XERARQUIZADOS CON PLANIFICACIÓN CRONOLÓXICA establécese unha programación das intervencións de restauración ou rehabilitación no inmovible, diferenciando entre actuacións “Prioritarias”, de “Curto Prazo” ou de “Medio Prazo” en función da súa urxencia. Inclúese tamén a programación de Accións de Mantemento e Libro do Edificio, detallado as actuacións que deben executarse en cada ámbito.

Dentro dos programas de Actuación débense mencionar pola súa importancia, as intervencións relativas á ACCESIBILIDADE e a ELIMINACIÓN DE GAS RADÓN no interior do inmovible.

Dentro dos programas de Actuación figuran ademais unha serie de propostas dirixidas á recuperación dos “VALORES INTANXIBLES OU INMATERIAIS” do inmovible (tendo en conta que o Pazo de Raxoi non é soamente unha arquitectura senlleira polas súas características arquitectónicas e emprazamento, senón tamén polas institucións que acolle e acolleu, e os sucesos que presenciou, o que fai que atesoure tamén importantes valores ligados á memoria da cidade e de Galicia).

Unha vez revisados os factores internos e externos que afectan ao Pazo de Raxoi, propóñense estratexias que aproveiten fortalezas e oportunidades, corrixan debilidades e encaren as ameazas.

Establécense obxectivos a través de estratexias e liñas de traballo, definindo acción concretas de intervención e xestión. Fíxanse os seguintes obxectivos:

- 1) Conservación e posta en valor do edificio. Intervención arquitectónica para a conservación do mesmo. Mellora das condicións ambientais, sistemas de instalacións, accesibilidade...
- 2) Deseño dun novo plan de usos que colabore no obxectivo exposto no primeiro punto favorecendo as condicións de traballo das persoas que desenvolvan a súa actividade nel e facilitando o acceso ós cidadáns, fomentando a utilización do edificio por parte do público.
- 3) Proxecto de difusión e valorización do edificio e as súas calidades intanxibles.
- 4) Dada o valor patrimonial/ cultural/social, tanxible e intanxible do edificio, elaborárase a documentación necesaria para o inicio do procedemento de proposta de declaración do edificio como BIC.

No apartado de VALORACIÓN ECONÓMICA E PLANIFICACIÓN realízase unha estimación da inversión necesaria na que se aportan os seguintes orzamentos:

- A). REHABILITACIÓN DO EDIFICIO: orzamento total 10.042.233,85 €  
B). PATRIMONIO CONTIDO NO EDIFICIO: orzamento total 75.075,00 €  
C). INFRAESTRUTURAS E INSTALACIÓNS: orzamento total 9.540.560,01 €

## **7. ARQUEOLOXÍA. Referencia: 2021/38657Y.**

**Aprobación do proxecto de “Restauración do entorno dos ríos Sarela, Sar e Vilar” dentro da operación da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado do Concello de Santiago (EDUSI Santiago) co-financiada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020 nun 80% sendo o 20% restante con cargo á dotación económica municipal.**

*Apróbase o Proxecto básico e de execución relativo á operación edusi de restauración do entorno dos ríos sarela, sar e vilar” (Nº Rexistro Xeral REGAGE23e00023937821 – 13/04/2023) coas seguintes condicións:*

### Orzamento

O.E.M. (Orzamento de Execución Material) 237.231,84 €

O.B.L. (Orzamento Base de Licitación, sen I.V.E.) 282.305,89 € (O.E.M. + 13% G.G. + 6% B.I.)

O.B.L. + I.V.E. **341.590,13 €** (O.E.C. + 21% I.V.E.)

O prazo de execución previsto é de 5 meses.

*Este prazo establece-se á marxe de posibles retrasos na execución da obra por falta de dispoñibilidade da totalidade do ámbito de intervención por parte da empresa adxudicatária causada por fases ou ámbitos de actuación sucesivos determinados polo servizo de tráfico a efectos de garantir unha mínima continuidade no sistema viario urbano o calquera outra condición allea a empresa que xustifique unha prolongación da execución do contrato. Neste caso, a vista das novas condicións establecidas, o Concello e a empresa adxudicatária pactaran os novos prazos correspondentes coherentemente cós tempos e ritmo de execución ofertados no seu día no correspondente plan de obra.*

O proxecto contempla dúas actuacións en dous ámbitos distintos: Norte (Sarela) e Sur (Sar e Vilar).

- Ámbito Norte (Sarela). Comprende o acondicionamento e restauración ambiental dun espazo situado baixo o viaduto da AC-543 (Avda. de Xosé Filgueira Valverde) sobre o río Sarela, en Vidán. O ámbito comprende as zonas situadas baixo o viaduto ós dous lados do río.

- Ámbito Sur (Sar e Vilar). O ámbito de actuación comprende os terreos situados entre o xacemento arqueolóxico do Castelo da Rocha Forte e o tramo do Camiño portugués, paralelo ó río Sar entre a Ponte Vella de Arriba e o Viaduto da Rocha (SC-20).

## **OBXECTIVOS**

O obxectivo principal da operación de Restauración da contorna dos ríos Sarela, Sar e Vilar é contribuír ao Vector Estratéxico Patrimonial da EDUSI, mediante a mellora da accesibilidade do seu entorno inmediato e

da súa calidade ambiental, enmarcándose polo tanto dentro da Liña de Actuación LA 7, destinada á recuperación e promoción do patrimonio natural.

Esta operación pretende: (1) A recuperación ambiental do entorno de varios tramos dos citados ríos; (2) A solución dos problemas de accesibilidade mediante sendas e pontes; (3) A creación de zonas de lecer e descanso; e (4) A implantación de recursos de comunicación para contribuír á revalorización do espazo a recuperar.

#### **8. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00011424C**

**Aprobación do expediente de contratación das “Obras para a eliminación de humidades no pavillón polideportivo do CEIP Pío XII”, cun orzamento base de licitación de 238.551,68 €.**

Acórdase:

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación do *Obras para a eliminación de humidades no pavillón polideportivo do CEIP Pío XII*, cun orzamento base de licitación de **238.551,68 €** (base impositiva de 197.150,15 € máis IVE do 21% de 41.401,53 €).

Segundo: Abrir o procedemento aberto simplificado de adxudicación.

Terceiro: Aprobar o gasto correspondente por importe de 238.551,68 €, que se imputará á aplicación orzamentaria 090 34200 6320000 (Código de proxecto: 2022 2 INDEP 36 1).

#### **9. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00028748X.**

**Aprobación do expediente de contratación da Xestión do servizo público de transporte colectivo urbano de viaxeiros do municipio de Santiago de Compostela, en réxime de concesión administrativa**

Acórdase:

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación da *Xestión do servizo público de transporte colectivo urbano de viaxeiros do municipio de Santiago de Compostela, en réxime de concesión administrativa*, cun orzamento base de licitación de **86.014.581,21 €**.

Segundo: Abrir o procedemento aberto de adxudicación.

Terceiro: Aprobar o gasto correspondente por importe de 86.014.581,21 €, que se imputará á aplicación orzamentaria 060 44110 4790000, coa seguinte desagregación por anualidades:

ANUALIDADE	IMPORTE
2024	5.940.207,15 €
2025	5.988.655,51 €
2026	6.188.583,86 €
2027	6.310.361,17 €
2028	6.430.101,11 €
2029	6.548.593,13 €
2030	6.666.597,84 €
2031	6.781.497,35 €
2032	6.854.880,48 €
2033	6.965.596,21 €
2034	7.034.745,11 €
2035	7.100.884,21 €
2036	7.203.878,08 €
<b>TOTAL</b>	<b>86.014.581,21 €</b>

O gasto de exercicios posteriores queda subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, ao abeiro do establecido no artigo 174 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de maio, e no artigo 79 e seguintes do Decreto 500/90

#### **10. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00018410Z.**

**Ratificación da cesión que fora autorizada por acordo da Xunta de Goberno de data 24 de maio de 2021, da praza número 103 do aparcamento Ponte Castro - A Rosa en Santiago de Compostela.**

Ratificar a cesión, que fora autorizada por acordo da Xunta de Goberno de data 24 de maio de 2021, da praza número 103 do aparcamento Ponte Castro.

**11. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00041929P.**

**Autorización da cancelación do seguro de caución constituído para responder do contrato de “Obras de Reurbanización da rúa Caramoniña - ámbito da rúa Travesa de Escultor Asorey e 2º tramo de Escultor Asorey”, cofinanciado pola Unión Europea con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), dentro do Eixo número 5 (Desenvolvemento sostible local e urbano) do Programa Operativo do FEDER en Galicia para o periodo 2007-2013” . CON/69/2013**

Autorízase a cancelación do seguro de caución constituído pola empresa, CYS HISPANIA, SL, por importe de 6.488,77 euros (Avalista: COMPAÑIA ESPAÑOLA DE SEGUROS Y REASEGUROS DE CREDITO E CAUCION SAU) para responder do contrato de “Obras de Reurbanización da rúa Caramoniña - ámbito da rúa Travesa de Escultor Asorey e 2º tramo de Escultor Asorey, cofinanciado pola Unión Europea con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), dentro do Eixo número 5 (Desenvolvemento sostible local e urbano) do Programa Operativo do FEDER en Galicia para o periodo 2007-2013” .

**12. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00009525P.**

**Autorización da devolución da fianza constituída para responder do contrato de “Mellora da pavimentación do vial de Reboredo (Enfesta) a Lavacolla (Sabugueira)” . CON/43/2016**

Autorízase a cancelación do aval en concepto de fianza definitiva constituído pola empresa, CANARGA CONSTRUCCIONES SL, por importe de 4.591,57 euros (Avalista: AFIGAL SGR.) para responder do contrato de “Mellora da pavimentación do vial de Reboredo (Enfesta) a Lavacolla (Sabugueira)” .

**13. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00009534V.**

**Autorización da devolución da fianza para responder do contrato de “Obras para a execución do Proxecto de mellora da pavimentación no viario de acceso As Pereiras (A Gracia) (POS+OBRASSUM/2017)” .**

Autorízase a cancelación do aval en concepto de fianza definitiva constituído pola empresa, CANARGA CONSTRUCCIONES SL, por importe de 2.566,12 euros (Avalista: AFIGAL SGR.) para responder do contrato de “Obras para a execución do Proxecto de mellora da pavimentación no viario de acceso As Pereiras (A Gracia) (POS+OBRASSUM/2017)” .

**14. ÁREA I. ÓRGANOS DE GOBERNO, ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERIOR. Referencia: Validación omisión función interventora S/2023/68.**

**Convalidación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda das facturas (4) emitidas por varias empresas en concepto de subministración de gas e gasóleo para as distintas dependencias municipais correspondente ao mes de xaneiro de 2023.**

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de TRES MIL CINCOCEMOS SETENTA E SETE EUROS CON NOVENTA E CINCO CÉNTIMOS (3.577,95 €), segundo relación contable de facturas S/2023/68 que se achega no expediente, e que comeza pola factura número F/2023/117 por un importe de 1,876,00 euros emitida pola empresa Los Ángeles Gas, S.L e remata pola factura número F/2023/1242 por un importe de 534,68 euros emitida pola empresa Gas Natural Comercializadora, S.A..

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

**15. BIODIVERSIDADE E EDUCACIÓN AMBIENTAL. Referencia: 2023/00018333Y.**

**Corrección de erro material no contrato de arrendamento entre ADIF e o Concello para a Vía Verde Santiago-Cerceda.**

Acórdase proceder á corrección da erro material no Punto 6 da orde do día da Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela do 16 de febreiro de 2018, relativo ao contrato de

arrendamento entre o organismo público administrador de infraestruturas ferroviarias (ADIF) e o Concello de Santiago de Compostela, para a posta en marcha da Vía Verde de Santiago a Cerceda, no T.M. de Santiago de Compostela.

Onde pon "sinatura dun contrato de arrendamento cun prezo estipulado neste caso de 9.600,00 € anuais" Debe dicir " *sinatura dun contrato de arrendamento cun prezo estipulado neste caso de 9.600,00 € (IVE excluído) anuais*", como figura no contrato de arrendamento asinado o 17 de abril de 2018 polo Concello de Santiago e ADIF na súa estipulación terceira.

#### **16. EDUCACIÓN. Referencia: 2023/00018469G.**

##### **Aprobación dos membros do xurado da XVI edición do Premio Internacional "Compostela" para Álbums Ilustrados (2023).**

Apróbase os membros do xurado do XVI edición do Premio Internacional "Compostela" para Álbums Ilustrados (2023), segundo os criterios de traxectoria profesional no mundo da ilustración, do deseño e da literatura infantil e xuvenil, que son os seguintes:

**PRESIDENTE:**

O Alcalde do Concello de Santiago de Compostela e por delegación o/a, Concelleiro/a Delegado de Educación.

**VOGAIS:**

Asun Agiriano Altuna

Natalia Colombo

Ignasi Blanch

Xosé Cobas Gómez

Manuela Rodríguez

**SECRETARIA DO PREMIO:**

Beatriz Varela Morales, técnica responsable do Departamento de Educación do Concello de Santiago de Compostela.

#### **17. OFICINA DE REHABILITACIÓN E VIVENDA. Referencia: 2022/00036982Y.**

##### **Dar conta da Addenda para a modificación dos acordos da comisión bilateral relativos ás áreas de rexeneración e renovación urbanas de Santiago de Compostela do Plan estatal de vivenda 2018-2021 de aumento do número de actuación.**

Dase conta da Addenda asinada na que se recolle o aumento do número de actuacións dispoñibles nos seguintes acordos de comisión bilateral relativos ás áreas de rexeneración e renovación urbanas de Santiago de Compostela do Plan estatal de vivenda 2018-2021:

**ARI\_ CASCO HISTÓRICO**

– FASE 16. Incremento das 25 actuacións consignadas inicialmente ata un total de 42, o que representa un aumento de 17 actuacións

**ARI\_ BARRIO DE VISTA ALEGRE**

– FASE 9. Incremento das 128 actuacións consignadas inicialmente ata un total de 248, o que representa un aumento de 120 actuacións

**ARI\_ BARRIO DE PONTEPEDRIÑA**

– FASE 6. Incremento das 20 actuacións consignadas inicialmente ata un total de 28, o que representa un aumento de 8 actuacións

**ARI\_ BARRIO DE VITE**

– FASE 2. Incremento das 64 actuacións consignadas inicialmente ata un total de 272, o que representa un aumento de 208 actuacións

FASE 3. Incremento das 20 actuacións consignadas inicialmente ata un total de 64, o que representa un aumento de 44 actuacións

#### **18. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00018356Y.**

##### **Dar conta da sentenza recaída no Procedemento Abreviado 131/2021 CA1.**

Dase conta da sentenza nº 012/2023. PA 131/2021 CA1

Obxecto: impugnación da Resolución do 03.02.2021 que recoñece parcialmente o dereito a percibir xuros de mora. Contía: 24.619,33 euros.

A sentenza é parcialmente favorable para o Concello, non recorrible en apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Planeamento e Xestión para a súa execución.

**19. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00029246K.**

**Dar conta da sentenza recaída no recurso AP 4358/2022 do PO 26/2020 CA2.**

Dase conta da Sentenza nº 155/2023. AP 4358/2022 TSX , PO 026/2020 CA2

Obxecto: responsabilidade patrimonial por non execución do polígono SUNP-38 de Formarís.

Contía: 56.392,71 euros.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Dar traslado ao Servizo de Planeamento para o seu coñecemento.
3. Non interpoñer recurso de casación contra a mesma.

**20. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00018125M.**

**Dar conta da sentenza recaída no Procedemento Ordinario 52/2021 CA2.**

Dase conta da Sentenza nº 027/2023. PO 052/2021 CA2

Obxecto: Decreto da Concellaría de Espazos Cidadáns, do 29.03.2019, polo que foi desestimado o recurso de reposición contra o Decreto da mesma Concellaría, do 23.01.2019, polo que modificouse o sistema de execución forzosa (de multa coercitiva a execución subsidiaria); e as Resolucións 2020/00128 e 2020/00109, do Tesoureiro municipal, polas que foron desestimados os recursos de reposición contra as providencias de constrinximento e requirimentos de pago das multas coercitivas de 1.000 euros, impostas no DIS/357/2013 no que se ditaron aqueles Decretos. A sentenza é favorable para o Concello, recorrible en apelación. As resolucións impugnadas traen causa no expediente de disciplina indicado, no que declarábase ilegal e ilegalizable o muro construído polos demandantes na ribeira do Sar –moi próximo á Colexiata-, por tratarse dun espazo declarado viario público peonil polo Plan Especial da Cidade Histórica.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Licenzas e Disciplina e de Tesourería – Recadación para a o seu coñecemento.

**21. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00018547J.**

**Dación en conta de sentenza recaída no procedemento PO 7241/2021 TSX.**

Dase conta da Sentenza 26/2023 do T.S.X.GALICIA CON/AD SEC.3

Procedemento: PO PROCEDIMIENTO ORDINARIO 0007241 /2021

Demandante: (colectivo de taxistas do Pino)

Obxecto: Desestimación por silencio administrativo do recurso de alzada formulado polo colectivo de taxistas do Pino contra a previa resolución da Dirección xeral de mobilidade que desestimou la solicitude do devandito colectivo para o establecemento dun réxime específico para a prestación do servizo de autotaxi no aeroporto de Lavacolla.

Os demandantes solicitaban o recoñecemento dun réxime específico para a prestación do servizo de autotaxi no aeroporto de Lavacolla con dereito dos taxistas de O Pino a operar en dito aeroporto.

A resolución é desestimatoria con imposición das custas procesuais aos demandantes. O Concello actuaba en condición de codemandado, sendo a demandada principal a Xunta de Galicia, polo que a resolución é favorable para os seus intereses.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial.
2. Remitir ao Departamento de Circulación e Seguridade Cidadá para os efectos do seu coñecemento.

**22. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00018649T.**

**Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.**

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 5 ao 13 de abril de 2023.